

Balance 2017/2018

19 de xuño de 2017 - 18 de xuño de 2018:

No primeiro ano de vixencia do Plan Intensivo de Coidado do Espazo Público A Pé de Barrio leváronse a cabo os seguintes traballos:

1.084 Rúas nas que se fixo limpeza intensiva con auga e retirada de herbas nos que se inclúen os barrios tradicionais de Bens, Mazaido e Comeanda.

450 Baldeos nocturnos parte do Plan Especial de verán en prazas por toda a cidade.

3.568 Comercios e establecementos de hostalería visitados e informados sobre o plan.

13.312 actuacións de coidado dos espazos públicos e de rexeneración urbana distribuídas da seguinte forma:

· **7.168** actuacións nas que se inclúen, entre outras, actuacións de reparación e substitución de contenedores e papeleiras, retirada de pintadas, incremento do arboledo, reasentamento das tapas dos rexistros de alcantarillado e actuacións de control de pragas e incidencias con aves.

· **2.364** actuacións sobre o alumeadado público que inclúen a substitución de lámparas e equipos auxiliares, o pintado de soportes, revisión de centros de mando, análise e correccións lumínicas e reposición de elementos da rede eléctrica.

· **1.315** actuacións en materia de fontes, incluíndo actuacións para a eficiencia no ahorro de auga e electricidade, de

control de calidade e salubridade das augas, limpeza e retirada de sólidos flotantes, vaciado e hidrolimpeza e revisión do equipamento mecánico e eléctrico e de pintado de fontes.

· **1.433** actuacións de rexeneración urbana incluíndo reparacións e mellora da accesibilidade nas beirarrúas, repintado de pasos de peóns, substitución de baldosas, fontes e alumeadado, actuacións de pavimentado e eliminación de fochancas en beirarrúas e calzadas.

· **1.032** actuacións en parques e xardíns e zonas axardinadas de limpeza, sega, recorte de sebes e escarda de alcorques.

A Pé de Barrio 2018/2019



Distrito 10

Do 19 de xuño ao 17 de setembro
o Plan intensivo de coidado do espazo público volta ao Distrito 10.

270 rúas

13 barrios: A Torre-Orillamar, Durmideiras, Monte Alto-As Lagoas, Agra de San Amaro, Zalaeta-Orzán, As Atochas - Pelamios, Cidade Vella - Maestranza e Pescaría.

Necesitamos a túa colaboración

Axúdanos liberando a rúa de coches (cando che toque, avisaremos con tempo) para facilitar a intervención.

A túa comprensión estas semanas é importante, pero a túa cooperación todo o ano é imprescindible :)

O que é bo para ti, é bo para o teu barrio e para toda a cidade.
Contamos contigo.